



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


**Febreiro 2024**

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2024

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2021. Febreiro 2024


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de febreiro en Galicia un incremento do 5,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 1,3 puntos á do mes de xaneiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 5,4%, 2,5 puntos máis que no mes anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de febreiro.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,6% e en España un 2,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de febreiro.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de febreiro en Galicia un incremento do 5,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 1,3 puntos superior á do mes de xaneiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 5,4%, 2,5 puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 4,3%, suma 3,1 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 9,6% e achegan 2,5 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 3,9% e nos *Outros servizos* o 8,2%.

Nas actividades comerciais, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 21,5%, co que achega 1,1 puntos a taxa de variación do índice xeral, o *Comercio por xunto* crece o 1,7% e o *Comercio ao retalho* un 6,1%. A nivel nacional, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta o 12,0%, o *Comercio por xunto* o 0,7% e o *Comercio ao retalho* o 8,0%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 9,6%. Todos os sectores rexistran incrementos na súa facturación. Os maiores crecementos prodúcense en *Información e comunicacións* (24,2%) e *Hostalería* (13,6%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 8,2%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos prodúcense en *Hostalería* (11,8%), *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (9,8%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (9,2%).

## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 10,8% no mes de febreiro.


O sectores con maiores incrementos son *Información e comunicacións* (21,9%), *Hostalería* (12,9%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (12,8%).

## 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 2,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 8,3%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




## 1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de febreiro aumenta a cifra de negocios en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores incrementos danse en La Rioja (17,4%), Navarra (11,8%) e Illes Balears (11,3%). As comunidades con menores crecementos da facturación son País Vasco (1,0%) e Aragón (1,3%).

### Índices de cifra de negocios. Febreiro 2024

#### Taxa de variación en %




## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,6% respecto ao mes de febreiro de 2023, 0,4 puntos menos que en España (2,0%).

O persoal ocupado crece un 0,4% no *Comercio* e un 2,4% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás o *Comercio ao retallo* (-0,1%). Os maiores incrementos danse na *Información e comunicacións* (5,6%) e *Hostalería* (4,4%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores agás nas *Actividades inmobiliarias* (-0,6%). O maior crecemento rexístrase en *Información e comunicacións* (3,1%).




## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de febreiro con respecto ao mesmo mes do ano 2023.

As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (4,4%) e Murcia (3,1%). As comunidades con menores crecementos son Extremadura (0,7%), Cantabria (0,7%) e País Vasco (0,8%).

## Índices de persoal ocupado. Febreiro 2024

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Febreiro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>118,1</b>	<b>5,6</b>	<b>4,9</b>
<b>Comercio</b>	<b>121,0</b>	<b>4,3</b>	<b>4,7</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	134,5	21,5	31,8
Comercio por xunto	125,0	1,7	1,7
Comercio ao retallo	105,3	6,1	5,8
<b>Outros servizos</b>	<b>110,8</b>	<b>9,6</b>	<b>5,8</b>
Transporte	121,7	6,2	-0,1
Hostalería	119,6	13,6	10,9
Información e comunicacións	120,2	24,2	21,5
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	90,0	6,1	1,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	96,8	8,3	9,3
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>113,4</b>	<b>5,4</b>	<b>4,1</b>
<b>Comercio</b>	<b>112,7</b>	<b>3,9</b>	<b>2,4</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	128,3	12,0	13,5
Comercio por xunto	111,0	0,7	-1,5
Comercio ao retallo	111,9	8,0	6,8
<b>Outros servizos</b>	<b>114,5</b>	<b>8,2</b>	<b>7,6</b>
Transporte	120,3	6,0	4,0
Hostalería	120,7	11,8	9,9
Información e comunicacións	108,3	6,9	7,3
Actividades inmobiliarias	108,8	5,4	6,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	111,1	9,8	10,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	130,5	9,2	9,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Febreiro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>118,7</b>	<b>10,8</b>	<b>9,4</b>
Comercio	120,1	9,2	9,8
Transporte	121,6	7,6	2,1
Hostalería	126,3	12,9	10,2
Información e comunicacións	123,2	21,9	19,7
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	103,7	12,8	6,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	99,1	9,6	10,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE



**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
Febreiro 2024**

	ÍNDICE	VARIACIONS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>113,4</b>	<b>5,4</b>	<b>4,1</b>
Andalucía	116,8	8,3	7,4
Aragón	108,2	1,3	1,5
Asturias	109,6	4,3	5,0
Balears, Illes	97,3	11,3	10,5
Canarias	137,4	5,0	4,5
Cantabria	106,5	9,9	8,4
Castilla y León	108,4	4,3	3,5
Castilla-La Mancha	113,6	7,6	7,2
Cataluña	113,0	4,5	4,4
Comunitat Valenciana	114,6	8,2	6,9
Extremadura	100,5	4,6	6,1
<b>GALICIA</b>	<b>118,1</b>	<b>5,6</b>	<b>4,9</b>
Madrid	112,4	4,1	1,2
Murcia	108,4	3,5	4,4
Navarra	122,9	11,8	9,4
País Vasco	111,8	1,0	-0,6
Rioja, La	123,0	17,4	16,3

Fonte: N E

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Febreiro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>102,9</b>	<b>1,6</b>	<b>1,6</b>
<b>Comercio</b>	<b>102,3</b>	<b>0,4</b>	<b>0,6</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	99,2	1,0	0,9
Comercio por xunto	103,5	1,0	1,7
Comercio ao retalho	102,2	-0,1	-0,1
<b>Outros servizos</b>	<b>103,3</b>	<b>2,4</b>	<b>2,0</b>
Transporte	99,1	1,0	1,0
Hostalería	107,2	4,4	2,3
Información e comunicacións	112,3	5,6	5,8
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,0	1,8	2,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	99,9	1,1	1,4
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>104,6</b>	<b>2,0</b>	<b>2,1</b>
<b>Comercio</b>	<b>103,8</b>	<b>2,0</b>	<b>1,9</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	103,6	2,3	2,0
Comercio por xunto	104,3	1,7	1,6
Comercio ao retalho	103,5	2,1	2,0
<b>Outros servizos</b>	<b>105,1</b>	<b>2,1</b>	<b>2,2</b>
Transporte	106,4	2,3	2,5
Hostalería	105,4	2,4	2,1
Información e comunicacións	111,2	3,1	3,4
Actividades inmobiliarias	99,8	-0,6	-0,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,0	1,8	2,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	102,3	1,8	2,2

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por B.N.E.

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.  
Febreiro 2024**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>104,6</b>	<b>2,0</b>	<b>2,1</b>
Andalucía	105,3	1,8	1,7
Aragón	101,3	2,5	2,4
Asturias	103,1	2,5	2,6
Baleares, Illes	94,4	4,4	3,6
Canarias	110,1	2,9	3,2
Cantabria	99,3	0,7	1,1
Castilla y León	100,9	1,1	1,3
Castilla-La Mancha	103,8	1,2	1,2
Cataluña	105,8	2,4	2,3
Comunitat Valenciana	102,3	1,6	1,7
Extremadura	103,6	0,7	0,9
<b>GALICIA</b>	<b>102,9</b>	<b>1,6</b>	<b>1,4</b>
Madrid	107,9	2,3	2,4
Murcia	102,8	3,1	2,8
Navarra	103,0	1,0	1,2
País Vasco	102,2	0,8	1,1
Rioja, La	103,5	2,7	2,8

Fonte:INE